

## CLUB DE MANGA 4º ESO – 1º BACHARELATO

Coa intención de dar continuidade ás reunións do Club de manga que iniciamos o curso pasado, o día 14 de decembro convocamos ao alumnado de 3º e 4º que participara previamente nas nosas xuntanzas.

De novo a nosa iniciativa tivo unha boísima aceptación, e foi moito o alumnado que repetiu, e mesmo o que se sumou por primeira vez á nosa proposta.



Todos quixeron participar para compartir as novas lecturas e para facer recomendacións sobre os seus mangas favoritos.



E outra vez a xornada foi moi amena e, sobre todo, moi intensa. Resulta gratificante comprobar como unha nova xeración de lectores goza con entusiasmo das súas lecturas, e como deixa de lado a súa aparente apatía para amosar a paixón por este subxénero xaponés que resulta tan diferente e estimulante a un tempo.

